

TIG@
CPEIG

REVISTA DA
ENXEÑARÍA EN
INFORMÁTICA

Número 8. Xuño 2015

Arrinca a
campaña de
xornadas
“1 MES,
1 PROFESIÓN
DIXITAL”



Índice

3	O CPEIG OPINA. FERNANDO SUÁREZ LORENZO PRESIDENTE DO CPEIG
4	ENTREVISTA ELOY VELASCO, XUIZ DA AUDIENCIA NACIONAL
5-7	SMART CITY CORUÑA
8-9	XORNADAS UN MES, UNHA PROFESIÓN DIXITAL
10	NOITE DA ENXEÑARÍA EN INFORMÁTICA DE GALICIA
11	ORDENANZA A PROL DA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA
12-13	O CPEIG NOS MEDIOS
14	OS NÓSOS PATROCINADORES OURO. BAHÍA SOFTWARE
15	BENEFICIOS COLEXIAIS O CPEIG DEFENDE OS TEUS INTERESES

CONSELLO EDITORIAL

Fernando Suárez, presidente do CPEIG
Juan Otero, vicepresidente do CPEIG
Juan José González, secretario do CPEIG
Francisco Javier Rodríguez Martínez, vogal do CPEIG

Contidos e asesoramento: Guindeira C&E
Maquetación: ográficodeño

Suxestións e comentarios: revista@cpeig.gal

Datos de contacto do CPEIG

Rúa Fernando III O Santo 13-1ºA
15701 Santiago de Compostela
Tel: 981 592 773 - Fax: 981 553 997

www.cpeig.gal

ISSN 2255-3169



Sobre a (nova) reforma de Bolonia e a Enxeñaría en Informática

Hai uns anos asistimos a un proceso de reforma do ensino universitario para a súa adaptación ao Espazo Europeo de Ensino Superior (EEES), comunmente coñecido como Bolonia. O fondo da reforma -homoxeneizar as titulacións universitarias para favorecer a mobilidade dos egresados dentro do espazo común europeo, así como unha reformulación da docencia, centrándoa no estudante e non no profesor- facíaa unha proposta atractiva a priori. Porén, fallou a reforma: unha implantación dun modelo 4 + “algo” (onde “algo” podía ir do ano en diante) e a reticencia ao cambio (algo consubstancial ao ser humano) fixeron que non prosperase como era de prever.

O recente decreto do Goberno, que abre paso a unha nova organización cunha reforma cara a un modelo 3+2 que xa funcionaba con anterioridade a Bolonia, malia o rebumbio suscitado, supón unha oportunidade de reconducir a situación. Non só para asegurar a -ata agora- fallida converxencia co resto de Europa, senón para corrixir un modelo, ao meu entender totalmente erróneo, no que se deberían estudar as titulacións de forma particular, deixando no grao as materias de formación básica e trasladando ao máster as que se correspondan con ámbitos máis especializados. Deste xeito, dependendo da titulación en cada caso, o grao conduciría a unha formación final nuns casos e a un título intermedio e con carácter xeneralista noutros, deixando a posibilidade de proseguir uns estudos moito máis especializados no máster. Neste segundo suposto atoparíanse as Enxeñarías en Informática.

Diante dunha nova reorganización

Con todo, no caso das Enxeñarías en Informática estamos nunha situación paradoxal. Como é sabido, somos as únicas enxeñarías (xunto coa Enxeñaría Química) non reguladas, o que supón un estatus diferente, non só a nivel profesional, senón que afecta tamén ás titulacións universitarias. Despois do enorme esforzo, con especial protagonismo dos colexios autonómicos e dos Consellos nacionais, que supuxo a publicación no BOE dun documento con idéntica estrutura ao do resto de enxeñarías e que contou co fundamental apoio do Consello de Universidades, Conferencia de Reitores e CODDII, estamos diante dunha nova reorganización que requirirá un proceso delicado e laborioso.

Así e todo, estanse dando pasos decididos na mellora da nosa profesión. O 24 de abril o Consello de Ministros aprobou as resolucións que poñen remate ao procedemento de equiparación polo que se recoñece a correspondencia dos títulos oficiais de Enxeñaría en Informática, Enxeñaría Técnica en Informática de Xestión e Enxeñaría Técnica en Informática de Sistemas ao correspondente nivel do Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior (MECES), nivel 2 para os títulos de enxeñaría técnica e nivel 3 para o de enxeñaría.

A este panorama, temos que sumar tamén a aparición de EuroInf, o novo selo Europeo de calidade para títulos de Grao e Máster en Informática, impulsado por EQANIE (The European Quality Assurance Network for Informatics Education) e liderado no noso país pola ANECA e os consellos xerais de Enxeñaría en Informática. Este selo establece os estándares e procedementos para a acreditación de títulos de informática, abranguendo todas as especialidades, e é recoñecido internacionalmente, polo que facilitará tanto a mobilidade académica como a profesional.

Xogámonos moito nesta reforma. As TIC e a economía dixital han de ser unha das pancas de crecemento de España e temos que aproveitar o seu potencial en canto á creación de emprego e incremento da produtividade e da concorrència.

É fundamental regular asuntos tan delicados como a seguridade das persoas e a protección de datos para evitar a falla de garantías para a sociedade que si se esixen no resto de ámbitos da enxeñaría. Por iso, desde o CPEIG e CCII facemos un Chamamento aos gobernos e á sociedade sobre os produtos, actividades e servizos informáticos na Sociedade da Información e o Coñecemento.

Isto permitiría unha maior concorrència dos nosos titulados e profesionais, xa de por si moi ben valorados en toda Europa.

“Cada día necesitamos máis as peritaxes e o asesoramento dos expertos en tecnoloxías para ser máis eficaces”



Como definiría o papel que na actualidade desempeña o perito informático no sistema xudicial español?

É un papel crucial, fundamental para poder conseguir probas na cada vez máis complexa actividade delitiva actual, especialmente en materia de delitos informáticos e tecnolóxicos.

En termos xerais, considera que o sistema xudicial confía nos peritos informáticos?

Necesariamente. Trátase da preferencia pola proba científica fronte á proba persoal (testemuñas, declaracións de imputados...). As probas forenses e científicas non enganan, contan o ocorrido tal como ocorreu.

Ten algunha aproximación en cifras da demanda real de análises forenses na Audiencia Nacional?

Non, porque só coñezo as do meu xulgado pero ao levar delitos cometidos fóra das nosas fronteiras adoitan ser moi complexos e necesitados de proba pericial. Ao famoso caso “YouKisoke” (que condenou os responsables desa web a prisión por difundir contidos de centos de xornais e revistas sen permiso) hai que sumarlle moitos de “hacking” e “cracking”, así coma outros de “phishing”, fraudes contra a propiedade intelectual e branqueo informático de capitais.

Dentro desa demanda, de que tipo de peritaxes se trata?

Peritaxes forenses sobre o xeito en que ocorreu un ataque informático e os efectos e danos causados nas vítimas plurais. En materia de terrorismo, seguir os rastros deixados polo autor, ata descubrir a súa identidade, autores de expresións concretas en foros e blogs e mesmo o íter criminal en caso de botnets e ataques a infraestruturas críticas.

Proximamente entrarán en vigor o novo Código Penal e a reforma da Lei de Axuizamento Criminal. Afectan estas novidades, dalgún xeito, ao labor que desenvolve o perito informático dentro do sistema xudicial?

Houbo nada menos que 27 reformas desde 1995 do Código Penal. Unhas foron máis puntuais e outras máis xerais. A Lei de Axuizamento Criminal é de 1882 e tamén sufriu moitas reformas desde entón, pero poucas de tanta importancia respecto aos novos delitos tecnolóxicos e as formas legais de investigalos. O perito debe coñecer esas reformas para estar ao día.

Entre as máis de 400 causas que instrúe vostede actualmente, cantas atinxen a delitos informáticos? De que tipo de delitos informáticos estamos falando?

Poucas como delitos contra as novas tecnoloxías. Bastantes máis no que poderíamos cualificar como delitos vehiculizados a través das novas tecnoloxías, especialmente “smartphones”, ordenadores e tabletas. O delito estrela é o terrorismo pero tamén hai ataques a través de sistemas informáticos e ordenadores por parte de mafias estranxeiras que buscan o diñeiro e a información.

Nun plano máis persoal, cal é a súa relación coas novas tecnoloxías?

A de moita xente. Cada vez intentando adaptarme máis aos novos usos e aplicacións, aos novos produtos comerciais, versións, etc. A verdade é que é moi difícil non xa estar ao día, senón mesmo entender o uso dalgunhas aplicacións e produtos, non digamos saber o que os enxeñeiros inventan.

Que aprendeu a non facer ou comezou a facer revisando, como parte do seu traballo, contidos de discos duros, redes sociais e outros elementos ou dispositivos tecnolóxicos?

Aprendemos a non crer no primeiro que nos din ou ofertan, a valorar cada vez máis a seguridade na informática, a contar con asesores e técnicos que nos axudan a usar a técnica para combater os delitos que se consuman a través das tecnoloxías. Cada vez vivimos nunha sociedade máis especializada e transversal polo que, para ser máis eficaces, cada día necesitamos máis as peritaxes e o asesoramento dos expertos en tecnoloxías.

Coruña Smart City: Tecnoloxía intelixente para xestionar a complexidade urbana



As cidades conforman, na actualidade, estruturas complexas debido ao elevado número de factores e interaccións que nela transcorren. O desenvolvemento das infraestruturas necesarias para achegar os servizos á poboación, que as habitan cada vez en maior número, coas súas correspondentes consecuencias medioambientais e sociais, xeran un sistema de gran complexidade no que só a tecnoloxía é quen de aportar unha visión global e, grazas a iso, abrir a porta a unha xestión máis eficiente e sostible das mesmas.

O problema agrávase cando, como sucede na maioría dos casos, as cidades non dispoñen de estruturas organizativas nin ferramentas que permitan ter unha visión transversal do ecosistema urbano, e que mostren as interaccións entre os distintos servizos que a integran, tradicionalmente xestionados de maneira vertical, a pesar das interdependencias que existen entre eles.

Coruña Smart City, o punto de partida para un novo modelo de xestión da cidade



A Coruña é unha cidade de tamaño mediano marcada pola súa peculiar orografía peninsular e unha estrutura funcional marcadamente metropolitana.

A Coruña, ademais dos retos que ten que afrontar e que son comúns a outras moitas cidades coma a mellora da xestión do tráfico, a redución do impacto das actividades humanas e económicas, como acadar un consumo sostible dos recursos naturais ou realizar un ordenamento axeitado do desenvolvemento urbanístico, debe asumir outros propios das súas particularidades: un perfil litoral amplo que concentra boa parte das actividades económicas e de ocio; unha orografía peninsular que xera un importante efecto embude sobre a mobilidade; ser o centro económico, comercial e educativo dunha ampla área metropolitana; ou a cercanía ao centro urbano de boa parte das súas actividades industriais.

Asumir e facer fronte a estes conxuntos de retos foi a principal motivación para o nacemento e impulso de **Coruña Smart City**. Ven sendo, pola súa propia natureza integradora e transversal, a culminación dun conxunto de iniciativas e actuacións que o concello ven executando durante os últimos anos. Máis aínda, a súa relevancia non é o que supón de culminación, senón o que é a súa natureza innovadora: vai dar paso a un novo modelo de cidade e de xestión da mesma que vai ter por obxectivo prioritario acadar un equilibrio entre sostibilidade, cohesión e inclusión social e competitividade económica.

Integración e intelixencia na plataforma tecnolóxica de Coruña Smart City

A prioridade fundamental de *Coruña Smart City* é a mellora da calidade de vida urbana e a dinamización do tecido produtivo grazas á **aplicación extensiva e intensiva da tecnoloxía aos servizos públicos**: á xestión do subministro e consumo de enerxía ou de auga, á mellora do transporte e a mobilidade, á seguridade cidadá e a protección civil, á creación dun contorno favorable para os negocios e para as actividades económicas ou ao goberno da cidade e á transparencia e participación cidadán.

Para acadalo, *Coruña Smart City* ten en marcha a implantación dunha plataforma tecnolóxica que é capaz de **recuperar información dende múltiples fontes de datos** (plataformas WSN e redes de sensores, datos abertos publicados en Internet, sistemas de negocio do propio concello...), ofrecela a unha **infraestrutura de procesado, clasificación e soporte** que permite **desenvolver servizos sobre datos procesados** (datos *Smart*), moitos dos cales serán **dispoñibles de xeito aberto** seguindo un esquema *Open Data*. No cume da mesma a plataforma incorpora unha **capa de procesos e servizos de xeolocalización** que permite amosalos sobre unha representación territorial dixital da cidade. Nesta representación territorial é posible dispoñer dunha perspectiva completa e global da cidade, dotando aos xestores municipais, nos seus diferentes ámbitos, dunha ferramenta capaz de favorecer unha xestión máis eficaz da cidade.

Captación de datos e sensórica

A base da plataforma é a súa **capacidade para recoller datos en bruto, almacenalos e ofrecerllos ao resto de módulos funcionais** da plataforma. Esta capacidade está soportada por sistema de captación avanzada e dispositivos de interconexión que representan o conxunto de redes de sensores, actuadores, concentradores e pasarelas (*gateways*) de distintas tecnoloxías e diferentes topoloxías despregadas no contorno urbano.



Un gateway deseñado e producido especificamente para Coruña Smart City constitúese nun referente tecnolóxico en arquitecturas de captación avanzadas a nivel de interoperabilidade, modularidade, escalabilidade e heteroxeneidade.

En redes de gran alcance (con multitude de nodos), coma a que é necesaria en *Coruña Smart City*, faise necesario o emprego de tecnoloxías IoT coma piar tecnolóxico para construír a arquitectura base de comunicacións. As redes inalámbricas de sensores e actuadores é unha das principais tecnoloxías facilitadores deste enfoque, en combinación con plataformas software de xestión e representación altamente escalables, tales coma as baseadas en arquitecturas web (WOA, *Web Oriented Architecture*), que fan posible a comunicación de equipos con centros de datos, con outros equipos en distintos lugares, e con persoas, a través de dispositivos de comunicación persoais. A forma proposta para permitir esta interoperabilidade foi a de empregar unha capa de abstracción baseada en *IoT*. É dicir, que practicamente calquera infraestrutura urbana (farol, edificio, estación meteoroloxía, semáforo, cámara...), ao que igual que un ordenador en Internet, poida ser conectado e colabore con calquera outro dispositivo embebido na rede *Smart City*.

Servizos de conexión e interconexión: o papel de Sofía

O sistema de interconexión implantado en *Coruña Smart City*, Sofía, ofrece os servizos correspondentes e necesarios para a conexión (captación/actuación) dos datos achegados pola sensórica. Acádao ofrecendo un **mecanismo de interoperabilidade baseado en ontoloxías estándar** que permite abstraer a obtención do dato independentemente da tecnoloxía empregada.

Sofía posúe unha arquitectura que permite a interoperabilidade total de múltiples sistemas e dispositivos e, grazas ao emprego de servizos baseados na semántica, permite poñer **datos do mundo real a disposición de aplicacións e servizos, o que facilita o desenvolvemento de entornas intelixentes**. Sofía achega todos os mecanismos necesarios para o soporte aos datos obtidos incluíndo:

- **Big data.** Almacenamento de todos os datos recollidos pola plataforma sobre un sistema nonSQL de gran rendemento e escalabilidade.
- **Motor de razoamento semántico**, necesario para ofrecer os datos de xeito consumible polas aplicacións que os empregan.
- **Motor de consultas**, capaz de ofrecer ás aplicacións capacidades para xerar vistas do Big data.

Sistema aberto de interoperabilidade e middleware de aplicacións

O sistema de interoperabilidade ten por obxectivo, dende un punto de vista funcional, facilitar a entrada tanto ás aplicacións e servizos actuais coma a futuras aplicacións achegando servizos comúns e abertos. Para acadalo a plataforma *Coruña Smart City* integra un **middleware** de integración de arquitectura WOA/SOA baseada nun ESB (*Enterprise Service Bus*). Este **middleware** é o encargado de resolver dous aspectos chave: a **integración doada e centralizada de sistemas informáticos tecnoloxicamente**

heteroxéneos, e a definición e construción de novos servizos a partir da converxencia de servizos “atómicos”, aqueles que son provisionados de xeito individual por cada un dos sistemas que se integran.

O ESP será o que xestionará a relación con cada un dos backends, encargarse de transformar os datos segundo sexa o destinatario e enrutará as peticións de servizo dende uns backends a outros. Baixo esta perspectiva os servizos da plataforma de **Coruña Smart City** son ofrecidos aos seus consumidores a través do bus de integración e, paralelamente, os sistemas que non pertencen ao backoffice interno poden ofrecer servizos ao ESB para o seu consumo por parte da plataforma o que abre a porta para a integración de sistemas de terceiros. Esta arquitectura confórmasse como altamente escalable: máis e máis sistemas pódense adherir ao ESB para ofrecer e consumir servizos. Isto garante a capacidade da plataforma para asumir a complexidade de datos e servizos que teñen lugar na cidade.

Sistema de visualización avanzada: eVidens

O **entorno de visualización será o escaparate de todo o tramado de datos e módulos funcionais** interconectados entre si. Isto vai garantir a **“humanización”** dos datos ao levalos a unha escala humana de comprensión, vai favorecer a visión transversal e dar resposta ás expectativas e necesidades dunha cidade intelixente.

A plataforma de visualización de **Coruña Smart City** está baseada na tecnoloxía **eVidens**, un sistema integral de visualización avanzada que permite xestionar os datos ligados ao territorio de xeito interactivo e centralizado: é capaz de integrar múltiples fontes de datos e aplicacións, ofrecendo unha visión horizontal e global dos mesmos, dando resposta personalizada ás necesidades dos usuarios, segundo sexan xestores ou cidadáns que, ademais, poden configurar o nivel de detalle da consulta dos datos dun área (toda a cidade, barrio, rúa, edificio...).

As capacidades de configuración e personalización son claves se se ten en conta o amplo despregue de servizos e aplicacións que soportará a plataforma no seu conxunto. Cada servizo que se constrúa terá asociada unha representación de datos, nos que se basa ou relaciona, de moi diferentes características, tanto en temática (por exemplo, turismo vs. rede de abastecementos) como en capacidades necesarias para a súa representación (capas SIX en tempo real vs. fotografías de arquivo).

Plataforma para xestionar a intelixencia urbana

O obxectivo da plataforma é servir de soporte da intelixencia urbana da Coruña. Isto significa que non só vai permitir obter, dispoñer, empregar e xestionar o enorme volume de datos e información que xera a cidade, froito dos movementos e interaccións humanas e materiais, senón que vai permitir desenvolver un novo paradigma de xestión urbana, que é onde realmente reside a forza innovadora do proxecto, baseada en acadar os seguintes obxectivos:

- Consegui^r a **posta en valor da totalidade** dos datos para a súa consulta e uso por parte de xestores e cidadáns, ao procesalos e trasladalos a unha escala humana de entendemento e comprensión, evitando, deste xeito, a súa infrautilización, tal e como sucede tradicionalmente, onde a porcentaxe de información que se aproveita fronte ao volume de datos que se xera é mínimo.
- **Extraer novas relacións entre os conxuntos de datos**, non evidentes en análises illadas, pero que se manifestan ao analizalos de xeito conxunto aportando unha visión holística que permite obter novas conclusións aos que visións verticais nunca chegarían.
- **Almacenar coñecemento**, para que este sexa independente das persoas favorecendo a mellora continua da organización e coordinación dos servizos municipais.
- **Xerar escenarios de simulación**, por parte dos xestores que poderán prever as consecuencias, positivas e negativas, das súas decisións e entender, dun xeito que ata o de agora era imposible, os efectos das mesmas dun xeito global. A toma de decisións está baseada, entón, non na intuición ou coñecemento parcial, senón nas evidencias e resultados que apoian ou desaconsellan esa decisión.

En definitiva, abre a **posibilidade comprender e entender o funcionamento real da cidade** ao empregar os datos que xeran as actividades que nela transcorren, sentando as bases dun novo paradigma de xestión e emprego da cidade, e que está baseado na intelixencia urbana aportada por toda a cidadanía, polos xestores municipais e pola capacidade da plataforma de servir de soporte á mesma.



O sistema de visualización avanzada permite ofrecer unha visión integrada e completa da cidade, a través da representación dos datos e servizos que se xestionan na plataforma.

EN MARCHA A CAMPAÑA “1 MES, 1 PROFESIÓN DIXITAL”, IMPULSADA POLO CPEIG E A AMTEGA, SOBRE NOVOS PERFÍS PROFESIONAIS DIXITAIS

A iniciativa busca mellorar as competencias dixitais para a empregabilidade e divulgar as novas profesións. O ciclo de charlas insírese no convenio asinado recentemente entre a directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, **Mar Pereira**, e o presidente do Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia, Fernando Suárez.

A directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), **Mar Pereira**, e o presidente do Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia (CPEIG), **Fernando Suárez**, déronlle a benvinda institucional o pasado 29 de abril aos inscritos na xornada de presentación da campaña de divulgación e difusión de novos perfís profesionais na era dixital “1 mes, profesión dixital” (<http://www.profesionsdixitais.org/>), que levou por título “Faite profesional do marketing dixital”.

Tratouse do arrinque dun ciclo de seis xornadas sobre novos perfís dixitais que se desenvolverá ata outubro, e que ten como obxectivo xeral crear conciencia da necesidade que teñen os cidadáns de mellorar o seu dominio da tecnoloxía da información e a comunicación cara ao emprego.

As charlas darán a coñecer novos perfís profesionais dixitais como o de deseñador e programador dixitais, profesional blogger, desenvolvedor de apps, especialista en contidos ou análise

de datos, técnicos de e-commerce ou experto en marketing online, entre outros. Ademais, tamén se abordarán os cambios que están a afrontar profesionais doutros sectores (xornalistas, arquitectos...) para adaptarse ao novo contexto dixital.

Toda a información sobre as xornadas irase incorporando na web <http://profesionsdixitais.org> e, ao remate da campaña, recompilaranse as experiencias prácticas dos encontros na publicación “1 mes, 1 profesión dixital”.

Contidos da primeira xornada

Na primeira xornada da campaña e para falar de marketing dixital interviñeron **Alberto Barreiro**, fundador e CEO de Barrabés Meaning, unha nova consultora estratéxica especializada na xestión da relación da xente coas marcas a través da combinación da experiencia da marca, a experiencia do usuario e a experiencia do cliente; e **Javier Castiñeiras**, responsable da área dixital de Redegal, axencia de tecnoloxía dixital especializada no desenvolvemento e xeración de negocio online.

Pola súa banda, **Sergio Ramírez** abordou o SEO e SEM. **Ramírez** é actualmente digital marketing manager en IPGlobal, axencia dixital experta en conversión e crecemento de vendas e obxectivos en proxectos propios e con clientes. Tamén participou **Daniel Seijo** como director de medios online e fundador en 2005 do primeiro blog comercial sobre coches en español, que actualmente suma 1,2 millóns de usuarios únicos.



Asemade, **Óscar Reboiras** abordou a figura do community manager desde as súas funcións como responsable de RRSS e de comunicación escrita a clientes de R.

Demanda de especialización

A directora da Amtega, **Mar Pereira**, sinalou no primeiro acto da campaña que a evolución tecnolóxica xerou a demanda de habilidades e competencias dixitais en todos os sectores e, respecto ao caso concreto dos profesionais TIC, apuntou que o mercado demanda unha especialización cada vez maior á que non se está a dar resposta. Por iso, destacou a importancia tanto de fomentar vocacións tecnolóxicas como de ofrecer á cidadanía ferramentas para a capacitación dixital.

Neste sentido, **Mar Pereira**, avanzou que a nova Axenda Dixital de Galicia 2020 contempla medidas orientadas a incrementar a capacidade produtiva das empresas a través de profesionais TIC que respondan ás necesidades tecnolóxicas actuais e futuras; e a consolidación dun hipersector TIC competitivo e innovador, que impulse a xeración de emprego cualificado.

Segundo destacou o presidente do CPEIG na súa intervención, o “Estudo nacional sobre a situación laboral dos profesionais do sector das tecnoloxías da información”, promovido polo Consello Xeral de Colexios Oficiais de Enxeñaría Informática, pon de manifesto que os profesionais TIC españois están en niveis de pleno emprego, cunha inserción laboral do 94% dos titulados e profesionais enquisados.

Para o presidente do CPEIG, estes datos poñen de manifesto o “claro xacemento de emprego que supoñen as profesións TIC en todos os seus niveis de cualificación” na liña das previsións da Comisión Europea, e “a grande oportunidade de emprego que supón para a mocidade”.

Nas súas palabras, o máximo representante das enxeñeiras e enxeñeiros en Informática galegos alertou sobre a “masculinización do sector TIC”, con apenas un 17% de mulleres, porcentaxe que cadra coas cifras de estudantes nas titulacións universitarias tecnolóxicas no noso país e afirmou que a sociedade “non pode permitirse o luxo de perder tanto talento”.

Segunda xornada

O pasado día 25 de maio tivo lugar a segunda das xornadas baixo o título de Faite profesional dixital dos contidos dixitais, tamén na Cidade da Cultura de Galicia. Os asistentes ao evento coñeceron, da man de destacados expertos na materia, novas competencias e habilidades profesionais que se están a demandar no mercado laboral actual. Os relatores expuxeron as características e requisitos do seu labor e perfil profesional, tanto de xeito individual como nun debate conxunto e aberto ao público, que puxo o peche a esta segunda xornada de 1 mes, 1 profesión dixital.

Programa e relatores

Tras a benvinda institucional, a cargo do presidente do CPEIG, **Fernando Suárez**, o CoFounder e CEO de Teimas Desenvolvemento, **Miguel Varela**, abriu as intervencións co relatorio “Faite experto en xestión de residuos e gamificación”. Teimas é unha empresa de desenvolvemento software orientada a produto, que centra a súa actividade no sector ambiental. Entre os seus traballos destaca o software para a xestión de residuos Teixo.

A continuación, o CEO de Contact Comunicación, **César González**, abordou a xeración de contidos en multipantalla. Contact Comunicación centra o seu labor en innovar no sector do marketing e a comunicación para ofrecerlles ferramentas máis eficaces e eficientes aos clientes, que garantan o retorno de cada euro que se inviste.

Pola súa banda, o xefe de Escola HT A.T0.049 do Real Aeroclub de Santiago, **Claudio Guridi**, compartiu a súa experiencia na xeración de contidos a través de avións non tripulados ou drones. Guridi é piloto comercial e instrutor con preto de 1.500 horas de voo, das que 800 son como instrutor. Posúe a Habilitación de Tipo como piloto de Boeing-737.

Luz Castro, directora da área In Gaming da empresa Imaxin Software, foi a encargada de afondar na adaptación de contidos. Seu labor céntrase no desenvolvemento de xogos interactivos e produtos multimedia.

Finalmente, **Esteban Vázquez**, socio de Tesla Technologies tratou o perfil profesional dun experto na elaboración de xogos interactivos. Tesla é unha empresa especializada en videoxogos e interactivos. Deseña e programa interactivos multiplataforma e acumula unha ampla experiencia en interactivos.

1 mes, 1 profesión dixital

As seis charlas do ciclo ademais de dar a coñecer novos perfís profesionais dixitais tamén abordarán os cambios que están a afrontar profesionais doutros sectores (xornalistas, arquitectos...) para adaptarse ao novo contexto dixital. A iniciativa é froito do acordo de colaboración asinado neste ano entre o CPEIG e a Amtega.



Unha gran gala para un colectivo profesional clave na sociedade da información

A Noite da Enxeñaría en Informática de Galicia reuniran os vindeiros 26 de xuño con humor, maxia e a entrega dos nosos premios no Hotel-Monumento San Francisco, en Santiago de Compostela

www.anoite.gal

Preparamos xa unha nova edición da Noite da Enxeñaría en Informática de Galicia, na

que aspiramos a incrementar a asistencia das nosas colexiadas e colexiados, reforzar o espírito de sentírmolos membros dunha mesma profesión e divertírnos un bo rato. En cada edición, e xa estamos preto da sétima, desde a Xunta de Goberno do CPEIG procuramos mellorar a anterior gala. Desta vez contaremos cun espectáculo de maxia, ademais da presentación e actuación de Dani Delacámara e unha chea de sorpresas e xogos que poderemos compartir coas vosas amizades durante o tempo do cóctel previo á entrega dos premios.

En relación aos galardoados da presente edición da Noite, estas son as entidades, persoas e empresas distinguidas polas enxeñeiras e enxeñeiros informáticos galegos na edición de 2015:

- Premio e-Inclusión: Grupo Promedia, pola súa aposta pola integración, a través das novas tecnoloxías, das persoas con diferentes problemas da linguaxe.

- Premio Proxecto Fin de Carreira: pendente de fallo.
- Premio Iniciativa Emprendedora: Teimas Desenvolvemento, empresa de desenvolvemento software orientada a produto, que leva adiante a súa actividade no sector ambiental.
- Premio Iniciativa da Administración: Colaboración da Amtega e a Consellería de Educación na realización do “Estudo sobre os Factores Influentes na Elección de Estudos Científicos, Tecnolóxicos e Matemáticos”.
- Premio Traxectoria Profesional: Benigno Rosón, subdirector xeral de Sistemas e Tecnoloxías da Información do Servizo Galego de Saúde (Sergas).
- Colexiado de Honra: Miguel Anxo Ríos Fernández, presidente da Real Academia Galega das Ciencias.
- Premio Apoio á Iniciativa Emprendedora: Telefónica Galicia Open Future, proxecto tractor que, mediante a convocatoria de emprendedores, impulsa a innovación tecnolóxica en sectores estratéxicos para Galicia.
- Premio Ada Byron: Eva Dafonte, enxeñeira superior informática que traballa na actualidade na Organización Europea de Investigación Nuclear (CERN) en Xenebra.

Este ano contamos cun maior número de patrocinadores, un feito que dá conta do interese crecente que suscita o noso colectivo entre o empresariado e as institucións. Como patrocinadores ouro: Altia, Bahía Software, Cluster TIC Galicia, Emetel, Epson, Everis, HP-Intel, Indra, Oracle, Plexus, Telefónica, Vodafone e Xunta de Galicia.

Como patrocinadores prata: Acuntia, Agasol, Atos, Avaya, Balidea, Cisco, Concello de Santiago, Deputación de Pontevedra, IBM, Idom, Ilux, Inforhouse, Inycom, Kaspersky, Microsoft-Solidq, Tecnom e Telvent.

Vémonos o 26 de xuño para celebrarmos a **“Noite da Enxeñaría en Informática de Galicia”**.



A Amtega, o CPEIG e a Fegamp poñen a disposición dos concellos unha ordenanza tipo a prol da administración electrónica

Contribuirá a fomentar a percepción da Administración como unha entidade ao servizo da cidadanía, en contraposición á idea de burocracia pesada

Os concellos galegos contan desde o pasado 8 de abril coa “Ordenanza de Administración Electrónica para a Administración Municipal”, unha ferramenta tipo para facilitarlle ás entidades locais o regulamento dos procedementos telemáticos. Este modelo de ordenanza foi elaborada polo Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia (CPEIG) e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) en colaboración coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega).

A directora da Amtega, **Mar Pereira**, o presidente da Fegamp, **José Manuel Rey**, e o presidente do CPEIG, **Fernando Suárez**, destacaron na presentación da ordenanza aos medios de comunicación a importancia de proporcionarlle ás entidades locais ferramentas que lles faciliten a implantación da Administración electrónica e a necesidade de incidir na colaboración entre administracións para garantirlle a cidadáns e empresas uns servizos dixitais de calidade.

A directora da Amtega subliñou que xa en 2010 a Xunta e Fegamp plasmaron nun convenio o compromiso de consolidar un novo modelo de relación entre as administracións públicas e os cidadáns, apostando por compartir, reutilizar, evitar a duplicación de esforzos e recursos, e avanzar na prestación de servizos conxuntos para a sociedade.

Sen colas

Pola súa parte, o presidente do CPEIG, **Fernando Suárez**, incidiu en que as tecnoloxías da información e as comunicacións “fan posible chegar as administracións ata os propios despachos de empresas e profesionais ou ata o mesmo fogar da cidadanía. Permiten unha relación sen colas, sen esperas e sen horarios preestablecidos a calquera hora de calquera día do ano”.

